



MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E MEMORIA DEMOCRÁTICA

Produtividade Extranxería

30/09/2025

O Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática convocou para hoxe 30 de setembro a Comisión Técnica de Emprego e Temporalidade para falar da produtividade das oficinas de extranxería.

E eso foi o que pasou, que só se fala e fala. Continúase sen presentar ningunha proposta clara de produtividade, nin un modelo de organización que permita avaliar e mellorar o rendemento do seu persoal. Ademais, non se falan de cuantías concretas, o que dificulta calquera avaliación real de recursos ou incentivos.

Esta situación evidencia un modelo continuista, no que se incumpren promesas e se adían solucións sen que exista vontade política real de abordar o problema. A falta de Presupostos Xerais do Estado bloquea ademais a continuidade das negociacións, prolongando unha situación de improvisación e ineficacia que afecta tanto ao persoal como á sociedade á que debe servir.

A CIG manifestou que o modelo de “produtividades” aínda que non é un modelo polo que nós como sindicato apostamos, onde non se consolida masa salarial, queremos que tamén se aborde o tema das produtividade non só para o “servizo de extranxería”, senón que estas peticións se estendan a todo o persoal do Ministerio de Política Territorial.

A única conclusión clara é que non hai compromiso político real deste goberno por mellorar a produtividade nin para extranxería nin para o resto do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática.